

Cruces, cruceiros, ermidas e capelas da bisbarra chairega (I)

As cruces e cruceiros da Terra Chá

Abordamos aquí unha aproximación ás principais e peculiares características dalgúns das construccions relacionadas coas creencias populares na Terra Chá luguesa.

A Terra Chá é unha comarca natural, sen rango administrativo, cunhos límites físicos que foron e ainda son motivo de discusión. Sen entrar en consideracións sobre este asunto, escollémos para delimitar o marco xeográfico do presente traballo (segundo a López Andián, Benjamín Casal e o Ministerio de Agricultura) os límites territoriais dos concellos de Abadín, Pastoriza, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Meira, Outeiro de Rei, Pol, Rábade, Vilalba e Xermade.

Está por realizar un estudio que sistematice rigurosamente tanto a vertente histórica-artística deste tipo de construccions como a vertente antropolóxica e cultural, ainda que nambolos dous camíños ten suposto un importante paso a elaboración do "Inventario Artístico de Lugo y su provincia", (1) ou a publicación de obras de moito interés como a que lle adicaron ó concello de Begonte, Blanco Pardo e Rodríguez Sánchez. (2).

Non é obxeto deste traballo, de carácter divulgativo, abrancar dita sistematización, limitáremos a esbozar algúns aspectos e problemas que nós consideramos claves para a comprensión da historia, función e características das cruces, cruceiros, capelas e ermidas da Terra Chá, que contribuen coa súa dispersa presencia por lugares, aldeas e illados recunchos á configuración dunha paisaxe humana realmente atraínte.

Denantes de entrar na descripción de cada un dos grupos nos que dividimo-lo traballo, adiantaremos que nos imos deter naquelas cuestións que consideramos mais relevantes: orixe, datas de construcción, distribución xeográfica, principais advocacións, tipoloxía, emplazamento... e no posible —dadas as limitacións de espacio— destacar aquellas construccions que por algunha especial circunstancia sobran ceñen entre o conxunto.

Como imos comprobar de seguido as distintas vilas, parroquias e lugares da Terra Chá teñen —tamén neste tipo de mostras da arte popular— evidentes singularidades, debidas seguramente ó medio físico, ó clima e á rica tradición cultural das xentes chairegas.

Cruces e cruceiros


Superando os trescentos exemplares, a comarca da

Terra Chá é unha das más ricas de Galicia en cruces e cruceiros, se ben a súa distribución polos municipios que a conforman é variable. Vilalba, por exemplo, ofrece un elevado número de cruces e cruceiros, mentres que en Outeiro de Rei a cifra destas manifestacións artísticas diminui considerablemente.

Responsable de gran parte dos cruceiros da Terra Chá, foron os canteiros de Román, parroquia villalbesa na que floreceron —dende o século XVII— "obradores" especializados na labra da pedra, pasando o seu saber e arte de xeneración en xeneración.

A tipoloxía dos cruceiros da Terra Chá é sinxela, caracterizándose sobor de todo pola súa esbeltez. Trátase de cruceiros estilizados, finos e soberbiamente ornamentados. O número de gradas é variable, se ben acostuman a ser tres. Na base, é onde aparecen normalmente as inscripcións, mentres que os fustes (algúns con restos de policromía) amosan os elementos da paixón. Son fustes longos e delgados, de sección cadrangular nos extremos e octogonais no centro, sendo excepcionais os casos —como o do cruceiro do lugar de A Costa (Labrada-Abadín)— de fuste cilíndricos. Nas catro caras do extremo superior, rombos franqueados por roelas constitúen un elemento decorativo peculiar, moi propio dos canteiros de Román. Os capiteis, de forma troncopiramidal invertida, adornan as aristas con volutas, ocupando as caras —ainda que non sempre— anxos e guirnaldas. Soportan estes capiteis normalmente cruces con eficies: No anverso a Cristo e no reverso a Dolorosa, figuradas que evidencian na súa labra a pericia e maestría dos canteiros.

Esta é a grandes rasgos a tipoloxía dos cruceiros chairegos, especialmente daquelas saídos dos talleres dos canteiros de Román. A descripción individualizada, ainda que só fora dunha mínima parte deles, superaría ampliamente os límites e propósitos deste traballo; de tódolos xeitos non queremos pasar por alto certos aspectos destas mostras da cultura popular. Normalmente trátase de obras realizadas no século XIX (moitos deles levan inscripción coa data). De séculos anteriores son escasos os exemplos, podéndose citar como o mais antigo un cruceiro situado nas inmediacións da capela de San Roque en Goiriz (Vilalba) e que leva no pedestal esta inscripción: "Esta cruz la puso M. Rodríguez Barro Paz, año de 1703, de Castro".



A esbeltez, característica dos cruceiros chairegos

Tamén do século XVIII, xa a finais, é o cruceiro que se atopa no adro da igrexa parroquial de San Simón da Costa (Vilalba), erixido no ano 1793.

Do século XX hai asemade algunha mostra, sobor de todo das primeiras décadas da centuria (Ex.: o cruceiro de Lanzán-Tardade, que data do 1906).

Prácticamente a maioría dos cruceiros da Terra Chá son anónimos, característica común ós do resto de Galicia. Como excepcións, podemos citar os casos de Trobo (Begonte), Vilapene (Cospeito) e Goiriz (Vilalba), etc. onde hai tres cruceiros feitos respectivamente por Benito Rifón, Ramón Castiñeira e os Carboeira, familia de canteiros de gran sona na zona. Os cruceiros con longas inscripcións, sempre en castelán, que xustifiquen a súa construcción non son moi abundantes, atopándose nalgúns casos co problema da ilexibilidade. O xa citado de Trobo, presenta na súa base unha extensa inscripción na que pode lerse:

Talló estas imágenes el artista Benito Rifón Corral en el verano del año de 1899

Devoción de Benito Rifón Corral. De esta parroquia siendo cura D. Daniel Rv. el Ylmo. Sr. obispo de Mondoñedo concedió 40 días de indulgencia por rezar

Cada vez que se rezase el padrenuestro o por cada credo de lante de estas efigies

Como é ben sabido, os cruceiros ergúronse orixinal-

mente en cruces de camiños, situación esta na que se atopan gran parte dos da Terra Chá. Sin embargo un elevadísimo número aparece tamén nos adros das igrexas parroquiais ou nas proximidades de ermidas e capelas, como para reforzar a función cristianizadora destas. En Labrada (Abadín) hai, en troques, un cruceiro no lombo que delimita tres parroquias, engadindolle así un novo contido á sua primitiva función.

Característica común ós cruceiros chairegos é o seu aillamiento, sendo contadas as ocasións en que forman parte dun "vía-crucis", ou que constituyen un calvario. Exemplo desto último temólo en Baamonde, á carón da igrexa parroquial, onde hai un notable conxunto de tres cruceiros.

Polo que respecta as cruces, estas desempeñan a mesma función cos cruceiros áinda que a súa vistosidade é menor, por ser construccions de preteccións máis humildes. Atopámolas en valados, cruces de camiños, adros de eirexas (restos de "vía crucis"), nas proximidades das capelas, etc. Artisticamente son variables, pois hai exemplares que acusan certo grado de laboriosidade (Gontán-Abadín) e outras son de carácter máis rústico, como as de Báscuas, nas proximidades do santuario, e a de Ludrio (Castro de Rei), por ser obras realizadas en granito e pizarra, respectivamente, pero nunha soa peza o que implica unha gran maestría nos seus artífices.

Fernando Arribas
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez
Antonio Reigosa Carreiras

Cruces, cruceiros, ermidas e capelas da bisbarra chairega (y II)

As capelas da Terra Chá

Son máis de 150 as capelas que hoxe se conservan, en maior ou menor grado, das moitas que ó longo dos séculos se foron erixindo con moi variadas emplazamentos e características constructivas na comarca da Terra Chá.

As capelas da Terra Chá enceran, independentemente do seu valor artístico, importante en moitos casos, unha notable e valiosa fonte de información sobre creencias, devocións e tradicións fondamente arraigadas no pobo chairego.

A maior parte das capelas da Terra Chá pode aplicárselles en líneas xerais a descripción e definición que Xaquín Lorenzo establecía na súa Etnografía de Galicia con respecto ás capelas de todo o país galego (3):

"As capelas son pequenas construcións de tipo enteiramente popular, propiedade dos vecíños e nas que o culto non é diario senón que se cingue á misa do día do patrón e algunha outra que ocasionalmente faga decir algún veciño. O tipo corrente de santo ou capela é unha construcción rectangular, cunha soa porta coroada por unha sinxela espadaña rematada en cruz...".

A orixe

O emplazamento de moitas das capelas da Terra Chá informa con claridade de que estas tiveron o seu orixe na cristianización de lugares onde anteriormente se viña realizando algún tipo de culto pagano. O despliegue cristianizador da igrexa foi sustituíndo pasenfiamente solemnidades e ritos paganos por un sinxuílo de santos, virxes e mártires, que co paso dos anos arraigan fundamentalmente nas creencias populares dando lugar a celebración e romaxes en torno a santuarios onde se seguían a revivir deicas ou nosos días ritos seculares.

E a este respecto especialmente significativa a situación de determinadas capelas sobre croas de castros ou moi perto delas.

"A cristianización dos castros de orixen incerto para a mente popular, atribúeselle unha etnología mítica ou un simbolismo esotérico" (4).

Son exemplos de capelas da Terra Chá emplazadas en castros: A de San Paio de Parada (Outeiro de Rei), a de San Roque en Carballido (Vilalba) — situada no centro do pequeno castro de Pico de Arriba —, a de San Xosé no lugar de Trascastro en Codosido (Vilalba), ou a de San Paio do Sistallo (Cospeito), que estivo no castro, no que quedan restos, e foi reedificada nun lugar próximo. A esta derradeira capela refírese A. Penas Truque no seu traballo "Sobre o folclore castreño y el culto a los montes en Galicia": "Algunhas castros conservan es súas lendas e pesar de poseer unha capela ou unha igrexa na súa croa, no castro de San Paio e San Xoán de Sistallo (Cospeito), onde se ergue a capela daquela advocación existe a creencia de que ali había un boi de ouro enterrado e que no foso do castro había unha cova que pertencia 'os mouros'" (5).

No mesmo traballo refírese tamén a autoría da cristianización

do culto ós montes, citando o caso concreto da capela de San Xulián do Monte en Baltar (Pastoriza), o que se poderían engadir moitas outras capelas da Terra Chá; sirvan como exemplo as de San Salvador e Santo Estevo que se erguen (hoxe en estado ruinoso) na Serra da Carba en Vilapedre (Vilalba).

Hai tamén casos más excepcionais, das capelas construídas nas proximidades de campos de "mámoas", coma a de San Roque en Arcillá (Cospeito), e outras moitas que contan no seu entorno coa presencia de arbres centenarias, manantiais ou outros elementos naturais que puiden ter alguma relación coa súa orixe. E o caso da Capela de San Fiz, na parroquia de Román, situada ó carón dun enorme castiñeiro, etc...


Estes datos permitenmos afirmar que a orixe das capelas é certamente remota e estaría en relación co proceso cristianizador do país, sen que se poídan aventurar datas concretas. O que hai de certo é que a capela máis antiga da que se ten noticia exacta da data de orixe é a de Ximarás na parroquia de Cerduras (Begonte). Esta capela conserva no lenzo do muro dereito da nave unha porta sinxela con arco de medio punto e pequena "aspilleria", e nun siller adosado á parte posterior pode lerse a inscrición: ERA TA CXIII FUI (T?) SACRATA. Obtiveram os tanto a data de 1076 como a de orixe desta edificación, na que tamén se conservan tres sepulturas do século XVI, unha delas cos certeira divisa: "La muerte a todos condña a nadie perdonada".

Existen outras capelas de notable antigüedad, sendo dignas de mención a de Básucas en San Salvador de Parga, fundada no século XII e ampliada no XIV, e a de San Alberto en San Breixo de Parga, edificada a finais do sec. XIII.

A maioria das capelas da comarca foron construídas nos séculos XVII, XVIII e XIX, algunas delas substituindo a edificacións anteriores. Moitas teñen inscricións coa data da súa fundación. Rexístrase tamén a existencia de algúnhia capela do sec. XV, coma a de S. Ramón en Insua (Vilalba) e do XVI, Penamazada en Valonga (Pol) e S. Xulián e S. Mateo en Labrada (Guitiriz). Hai tamén algunha rara mostra do presente século, de escaso valor artístico e case sempre reemplazando a construcións anteriores.

O proceso de organización territorial da Igrexa está tamén no orixe de moitas capelas, ó crearse distintas capelanías en moitas parroquias. E de salientar o caso de San Simón da Costa (Vilalba), que contou no seu dia con oito capelanías e as súas correspondentes capelas, de moitas delas non se conservan nem siquera as ruinas.

Compre sinalar *Analista*, como necesaria aclaración, que case unha terceira parte das capelas, redor de medio cento son pertencentes á casas señorais, pazos, casas reitorais ou outro tipo de propiedades particulares, formando parte de conxuntos arquitectónicos de moi diversa época e interés e conservando en



Capela de San Breixo, en Parga

moitos casos, pedras de armas, interesantes mostras de imaxinería barroca popular e outras artes.

Distribución, advocacións e romerías

É o concello de Vilalba, o máis extenso territorialmente da comarca, o que conta tamén con maior número de capelas nos seus límites municipais: ó redor de 40, pola contra de Rábade, o concello menos extenso, tamén a máis exigua representación neste tipo de monumentos unha soa capela.

Distribuense as restantes capelas por todos outros concellos da comarca, tendo un maior número os de Cospeito, Guitiriz, Castro de Rei e Pastoriza.

Perto de medio cento de santos e santas repártense as moi variadas advocacións das capelas chairegas (destacando un rasgo común ó resto de Galicia: as advocacións más frecuentes son as de San Roque, San Antón, San Xoán e San Xosé). Unhas vintecinco capelas da Terra Chá están adicadas á Virxe María con dezaizo adovacións diferentes).

Ainda que hoxe está en desuso en moitos casos, era costume xeneralizada celebrar misa nas capelas na festa dos correspondentes santos. Siguen sendo abundantes sin embargo as capelas da Terra Chá que compren a función de "santuários" (coma algunhas igrexas e ermidas), onde se celebran concurridas romerías, ás veces con importantes zonas de influencia. Estas romerías entroncan claramente cunha práctica relixiosa xeneralizada en Galicia, que para algúns estudiosos procede da Idade Media e na que destaca os ritos de peregrinación e purificación (mediante sacrificios físicos), procesión, contacto coa imaxe, etc. A moitas destas romaxes acuden anualmente os devotos e ofrecidos e reproducen toda esta serie de ritos coa esperanza de que o contacto co "sagrado" lle permita superar enfermidades, perdas nos cultivos e no gado, ou obter moi variados favores.

Tanto os aspectos profanos como relixiosos das romerías foron estudiados en profundidade no concello chairego de Begonte polos xa citados Blanco

Pardo e Rodríguez Sánchez. Neste concello celébranse algunhas moi concurridas nas capelas de S. Vitorio en Damil, S. Antonio de Padua en Denume (Feim), e das Carpaccinas en Uriz, Ximarás en Cerdeiras, etc.

Aspectos arquitectónicos e estado de conservación

Se ben a maioria das capelas da Terra Chá pode aplicárselles a descripción que antes apuntamos, citando a X. Lorenzo e que sober de todo as construídas nos séculos XVII, XVIII e XIX, adoitan ter planta rectangular, cuberta a dúas augas, muros de mampostería, pavimento de laxes e lousado de pizarra, e non ofrecen polo xeral que destaque espectacularmente na vertente artística, tamén é certo que hai algunas mostras ailladas con singulares valores arquitectónicos.

Destaca sobremaneira entre as capelas chairegas a xa mencionada de San Alberto en San Breixo de Parga.

E este é un edificio gótico de finais do século XIII ou comenzaos do XIV, de planta rectangular, que consta dunha nave e unha capela maior cadrada, diante da que se abre un arco triunfal moi apuntado con decoración xeométrica.

A capela maior está cuberta por unha bóveda sexpartita, arrancando os nervios das esquinas de columnas exentas e os outros dous de mensulas. Os capiteis con arpías, cabezas humanas e decoración vexetal son de gran riqueza escultórica.

No frontis, a portada orixinal perdeuse, sendo a actual do século XVIII. Ten o exterior do edificio oito contrafortes e cam-

celos de tradición románica nos aleiros. No ábside, cadrado, abrese unha fiestra oxival.

Esta capela está situado nun fermoso entorno natural, á beira do río Parga e accede a ela dende a estrada Madrid-Coruña, a través dunha ponte medieval con dous arcos góticos.

As ermidas

É realmente difícil establecer na práctica unha diferenza clara entre o concepto de "capela" e de "ermida" dado o valor de uso que hoxe teñen estes dous termos.

Tóricamente a ermita diferencia da capela por dous rasgos fundamentais: o emplazamento en lugares aillados e solitarios e unha orixe máis remota.

No "Inventario Artístico de Lugo y su provincia", capela e ermita, veníense aplicando indistintamente ó mesmo tipo de construcións, dándose algún caso en que o mesmo edificio recibe indistintamente as duas denominacións.

Xa que non hai diferencias arquitectónicas ni funcionais que nos permitan distinguir dous grupos claramente delimitados, tomamos como criterio xeral o de aplicar ás ermidas os mesmo rasgos e características que os analizados no apartado dedicado ás capelas. Simplemente nos queda engadir que o citado Inventario recolle especificamente como ermidas, unhas vinte monumentos dispersos por todo o territorio chairego, fundamentalmente os concellos de Vilalba, Pastoriza, Pol e Cospeito.

Fernando Arribas Arribas
Xoán Ramiro Cuba Rodríguez
Antonio Relgosa Carrión

Notas

- (1) Valdés Sampedro, Elías e outros. *Inventario Artístico de Lugo y su provincia* (6 tomos).
- (2) Blanco Pardo, J.M. e Rodríguez Sánchez, M. *Bogente, pasado y presente*. Alvarellos, Lugo 1987.
- (3) Lorenzo Fernández, Xaquín. *Etnografía: Cultura material en Historia de Galicia T. II* AKAL. Madrid, 1979, p. 152.
- (4) Penas Truque, Angeles. *Sobre el folclore castreño y el culto a los montes en Galicia* en Boletín do Museo Provincial de Lugo, I, p. 123.
- (5) Penas Truque, A. Op. cit. p. 124.

Cruces, cruceiros, ermidas e capelas da bisbarra chairega

Alfonso A. Bamonde García e
Antón Castro Rodríguez

Tódolos pobos teñen as súas creencias, que non só se transmiten na vida presente senón que tamén se transmiten na esperanza noutra vida despois da morte. Dalgún xeito a Raza Chairega expresou a súa devoción espiritual e tamén a carga de superstición encol da eternidade construindo: cruces, cruceiros, petos de ánimas e camposantos. E doado de pensar que as cruces e cruceiros que aparecen nos horreos, pontes, camiños, encrucilladas, etc., non son mais que símbolos de cristianización de antigos cultos pagáns de orixe pre-romana que había en Galicia, tal como cita no S. VI S. Martiño Dumiente, evanxelizador de Galicia no "De Correctio Rusticorum" e que repreba que se acendan luces nas encrucilladas. Tamén se fai referencia no Codice Calixtino (tradución galega) os enterramentos nos camiños e encrucilladas, decidindo que estos lugares se cristianizan poñendo cruces ou cruceiros. Existía tamén a creencia de que compría erguelos onde houbera unha desgracia, senón a alma do morto non acougaba namenres non morrera outro no mesmo lugar. Pero fundamentalmente as cruces dos camiños chegaron polo camiño francés das peregrinacións e que mesmamente os románs protexían as rúas romanas con deuses lares e viales, os peregrinos protexían o seu camiño con cruces chamadas de peregrino, que eran similares ós cruceiros agás no varal, que non o tiñan.

Denantes de entrar na análise das cruces e cruceiros na nosa bisbarra compre definir o que é cada unha.

Os cruceiros están formados por varios elementos que os van a distinguir das cruces:

1.) Escalera, formada por varias gradas ou escaleritas en forma de pirámide cuadrangular truncada.

2.) Pilastre, peza de forma diversa, xeralmente cuadrangular. Normalmente nela vai unha inscrición indicando a data da construcción, quem o manda facer, e qué fixo o cruceiro.

3.) Vara, varal ou esteo. Ten forma cilíndrica ou octogonal. Representase no xeralmente escaecas.

4.) Capitel. De forma e decoración variados con motivos vexetais, calíveras, anxos, etc.

5.) Cruz. Nela adóitase representar por unha cara a Cristo crucificado coa cabeza ladeada cara o lado dreito, e polo reverso representase a Virxe.

Os Cruceiros da Chairega amosan unha característica común, que é de ser moi parecidos, xa que en realidade os artesáns que construíron case que a totalidade dos que vimos están feitos por catro xeneracións dunha mesma familia. Dentro dos rasgos diferenciadores dos cruceiros da Terra Chá, frenté ós do resto de Galicia, atopámonos con que a Pilastre xeralmente cuadrangular, é na Chairega de forma de pirámide cuadrangular truncada. Se a meirande parte dos cruceiros da Terra Chá levan a inscripción na pilastre, hai doulos que a teñen esculpida: o de Lanzán que ten esculpida no fronte Santiago Apóstol, a dereita San Roque e o can, e a esquerda San Xosé, e o de Sancobade no que se representan catro escaecas de morte e paixón de Cristo. Tamén teñen estous doulos cruceiros, sentado sobre a pilastre a Ecce Homo, sendo para os ós de feitura mais singular.

O varal é cuadrado na súa base anque un pouco máis para arriba leva os cantos biselados, e aparecen poucos os variados octogonais ou cilíndricos. A diferencia dos do resto de Galicia escultense nel símbolos da paixón de Cristo, tales como a escala, o azoute, as tenazas, o martelo, a espada, etc.

O capitel, aparece decorado maiormente con catro cabezas de serafins anque tamén os hai con motivos vexetais.

Na cruz, ós lados do Cristo

aparecen doulos santos, non hay más diferencia que nos do resto de Galicia, que na Chairega, a Virxe representada é a Virxe das Angustias co neno no colo.

Compre destacar que namenras que a Cruz e o Cristo son dunha soa peza, a Virxe vai sobreposta no capitel.


Os cruceiros da Terra Chá, foron policromados, polos artesáns, ásina que hoxe xa non se fai, pero na meirande parte deles ainda quedan restos de pintura de liña e escante, namenras que no capitel aparece o morado, e os santos en azul e branco, utilizando pintura moura para as barbas do Cristo. O pintar o cruceiro tíñala duas finalidades, a vistosidade, e a palidez das cores que lles da un tono de seriedade e respeito.

Dentro da aparición dos cruceiros compre sinalar que o auxe en Galicia, foi nos séculos XVII e XVIII, namenras que na Chairega datan da segunda metade do XIX ou principios do XX.

O cruceiro, normalmente, aparece só, pero hai veces que aparecen tres cruceiros xuntos, un central co Cristo e os dos dos lados con ladróns. A este conxunto chámase "Calvario", é sábese que no Buriz (Guitiriz), houbo un que hoxe está incompleto. Tamén de camiño as Igrexas aparecía un cruceiro por cada estación da paixón de Cristo. A este conxunto chámase "Via Crucis", quedando restos dun deles na parroquia de Paz (Outeiro de Rei). Todo o que non sexa cruceiro, ou sexa que non reuna as características de ter escala, pilaster, vara, capitel, e cruz, chamáremoselle cruz. Aparecen estas nos camiños, sendo de pedra, ferro, mármore, etc. O seu motivo e por ofrendas a xente que morreu, tamén hainas nos hórreos protexendo as coleitas, nas fontes cristianizando cultos pagáns ou creencias sobre das propiedades curativas das suas augas e en calquera outro sitio, sempre con finalidade de protección. Estas cruces son numerosísimas e polo tanto moi difíciles de inventariar. A abundancia de Cruces e Cruceiros na Terra Chá, non podería ser explicada a non ser polo feito da existencia de canteiras de granito, materia prima necesaria para a súa construcción. A Chairega a nivel xeolóxico é pizarro agás nalgúnsas zonas nas que aflora a pedra de grao; unha delas é na parroquia de Román "famosa polo seu canteiro" e outra é a zona de Parga. Non resultará logo difícil o pensar que Román é o lugar indicado para que "nazan" canteiros e artesáns, "nos diríamos inxenieiros da pedra". Un deles, con moita sona na bisbarra é o Sr. Manuel Seoane Pérez "Carboeira" home ó que xa lle ven de tradición pois o seu avó e o seu pai foron constructores de cruceiros e cruces. Como curiosidade, o mesmo Manuel díxonos que o seu avó empezara como "argallando na pedra" e a súa primeira obra, un cruceiro, foi sobastado e levado para Cabreiros. Tamén falou de como pintaban os cruceiros e que agora xa non se fai, porque a xente desconfiaba de que a pedra non fora boa ou fora de mala calidad. Outros canteiros de sona na época do seu avó eran: o Sr. Garrido de Santalla, Sr. Ríftón de Trobo e Castiñeiras en Cospeito. Dí o Sr. Carboeira que é mellor para talla-los cruceiros a pedra de Román que a de Parga, pro o maior problema que ve é que xa non hai quien explote as canteiras, el di pedreiras. A meirande parte dos cruceiros da Chá proceden das pedreiras da Chá e da do Espiñeiro. Os cruceiros dos concellos da bisbarra chairega téñolos catalogados por parroquias e dan un total de 288 cruceiros, un Calvario no Buriz e un Via Crucis en Paz, correspondendo por concellos:

Abadín, 50; Begonte, 11; Caspeito, 10; Cospeito, 13; Friol, 7; Guitiriz, 16 e un Calvario; Meira, 9; Outeiro de Rei, 3; Pastoriza, 9; Rabade, 0; Xermade, 44; e na vila de Villalba, mellor o seu concello, 125.

Como se ve cásquen o 50% dos



Cruceiro de Lanzán en Tardade, un dos cruceiros mais representativos da Chairega

cruceiros aparecen no concello vilalbés ó que pertence a parroquia de Román e a súa escola. Como dato actual, reseñar que se está a facer unha promoción de novos canteiros apoiados polo concello para que esta actividade de non desapareza.

Capelas e ermidas

Así como os Calvarios, As Cruces, Os Cruceiros, os Petos de Animas, os Camposantos, etc., supofían e supofion un gran vencello espiritual entre o pobo e as suas creencias e o amor a súa terra; estas amósanse tamén aparte dos monumentos citados na construcción de lugares para o culto relixioso como son as capelas e ermidas. Na Chá o vencello tivo que ser abondo abundoso, dada a gran existencia das mesmas, que se espallan por lugares apartados unhas, e ó pe de los pazos e castelos outras.

Para axudar ao lector diremos que como nome de capela, enténdese un edificio destinado ó culto nunha casa ou comunidade privada "nun pazo ou castelo", e ermita é un santuario exento, erguido xeralmente nun lugar apartado e solitario.

Podemos asociar a existencia de moitas capelas na Chairega, nacidas a sombra de grandes e numerosos pazos existentes, e que na actualidade ainda que desmelloradas seguen a conservarse. As capelas tíñan á forza que ser sostidas con moita fe, pero o mesmo tempo co seu poder social e económico que fixeren posible a súa existencia. Desta maneira atopámos capelas en Penas Corbeiras, Sistallo, Lobán, Meire, Casa da Torre de Vilaguisada en Kermar, Cospeito, etc., que nos falan do xunguado que estaban a nobreza e o clero, e doutra banda, a separación social, por así dicilo, que tíñan a nobreza do pobo, que celebraban os seus actos relixiosos privadamente. Mientras que as ermidas xa se atopan no medio dos montes e lugares apartados, tales como San Xulián de Samariego, Tardad, Remedios en Codesido, Barroso, no Uriz (Begonte), Pena-Redonda (Belesar), Do Monte en Sistallo, San Paio, etc. Hai ermidas que foron construídas ó pé de lugares onde se celebraban cultos pagáns, ou en sitios onde había xentes que foron cristianizadas. Aparecen ermidas nos castros e ó pé de fontes de augas milagreiras.

Podemos dicir que as esculturas dos nosos santos que aparecen nas capelas e ermidas amosan, mellor amostran a alma limpia

que responder dos caudáis e tíñan que residir na parroquia a meirande parte do ano. O mesmo tempo tíñala que te-la maioría dos votos emitidos por escrito ou palabra polos fundadores do santuario que neste caso eran 50. Era elexido o día do patrón dentro da ermida. Os ausentes poderían omitir o seu voto por carta dirixida ó fiscal e o cargo durada un ano.

O cargo de mairdomo era incompatible co de criador de gandos do santuario. A misión do mairdomo era a de non ter nin consentir que outro tivera para lizado-lo fondos da sociedade, e cando o líquido exceder dos 200 réais tíñalo que empregar en mercar gando ou prestálo diñeiro a un 5% de interés, reclamando este cada ano e que de non ser cobrado pagarián o mairdomo por vía de multa. O mairdomo cobraba un 5% das utilidades que houbese na venda do gando por levá-lo traballo do Santuario e a súa contabilidade e un 1% dos cartos empregados en mercar gando ou nos desparzos. Tíñan as obrigas do celebrá la festa do Santo, 3 de maio, ofrecer missas e rendir contas en xaneiro.

O fiscal: Gardaba os documentos do santuario e era o que más porciones tíñan dentro das que estaba dividido o mesmo. No 1878 era fiscal o señor don Félix Pardo Osorio de Samariego.

O vice-fiscal era o seguinte por orde na posesión do nº de porciones.

Os contadores, eran elexitos por voz pública e a súa misión era a de asistir a comprobación do estado de contas.

Os depositarios tíñan os caudáis do santuario e tíñan a caudal dos mesmos repartida entre elles.

O criador de gando. Ocupábase de críalo gando do santuario e levaba a metade das ganancias que houbera na compra, venda ou esparzo de bois, sen quedar suxeito as pérdidas de venda ou morte natural vendiase o pelo do animal, sendo o importe desta venda para o Santuario. Nas vacas cobraba a metade do que valían as crías que se alimentasen sen mai e o resto igual que no caso dos bois. Tanto o criador como o mairdomo tíñan dereito de tanto na venda de gando pero sempre coa obriga de avisar con tempo ó "comparticipante" (tres días), senón a venda non era válida.

O fiscal, vice-fiscal e fundadores recibían o estado de contas que ofrecían o mairdomo que viña firmado polo criador do gando. Se estaban discordo coas contas firmaban eles. Cada certo tempo (no documento ven sendo cada catro anos), rendíansi contas o Bispo de Mondoñedo que asinaba e selaba os autos correspondentes para decretarse o estado de contas, e a situación e estado de mantemento da ermida era o correcto.

O pároco: Dentro da ermida nun podería ser administrador nin fiscal da inversión de caudáis, nem mezclarse en ningúndas obrigas e esmoladas que se recollan na ermida, nem gardála a chave das boetas. Tíñala que pedir permiso para ensiná-la doutrina dentro da ermida. O pároco podería celebrar misa rezada e anunciar ó pobo as festividades e vivencias que houbera na semana permitíndo o prelado, tamén habería o mesmo se non quixera o pároco e si autorizase o bispo. Non se necesitaba licencia do pároco para que os fundadores fixaran as xuntas na ermida. O pároco era o único que podía dar licencia para sacálo santo os días que houbese procesión.

Estas ermidas podían trasladarse sempre que se presentase: a) Petición para construcción. b) Instancia, c) Plano para Obra. d) Edictos, tíñan as súas particularidades. Como final decir que a maior parte das ermidas son dos séculos XVII, XVIII e XIX. A maioría en estado ruinoso. A estadística das ermidas: Abadín, 9; Begonte, 8; Castro de Rei, 25; Cospeito, 21; Friol, 14; Guitiriz, 20; Meira, 3; Pastoriza, 18; Outeiro, 8; Rabade, 1; Kermade, 13; Villalba, 50.